

PASE ÚNICO: 19.02.2018 | V.O. | +7

Vigo 1972 (2017, 62')

Dirección: Roi Cagiao

Guión: Roi Cagiao

Participación: Waldino Varela, Juan Benavides, Carlos Núñez, Carlos Barros, Elvira Landín, José Iglesias, Juan Bacariza, Francisco Lores

Montaxe: Damián Varela e Roi Cagiao

Dirección de arte: Isabel Fernández

Fotografía: Damián Varela

Música: Iván Salgado e Diego Mosquera

Produtoras: Arthur Gordon (España)

Distribuidora: Arthur Gordon

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Galego

FILMOGRAFÍA

O meu nome é Luís Ferreiro, 2010

Gran curva, 2008 [curtametraxe]

Erich & Sebastian, 2007 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Mestre Mateo 2018

(Nomeado a mellor documental)

SINOPSE

En setembro de 1972, os traballadores e traballadoras viguesas foron quen, a través dunha heroica folga xeral de quince días de duración, de converter a bisbarra de Vigo no centro de atención a nivel estatal e europeo, poñendo en xaque o réxime franquista e contribuíndo significativamente ao desgaste e fin do mesmo. Esta é a súa historia.

«Documental moi necesario no momento histórico actual, no que parece imposible pensar nunha loita semellante»

Luis E. Froiz, MOLA!



«A polo sábado inglés»

Roi Cagiao

Nota de intención

O obxectivo principal de *Vigo 1972* foi a creación dun documental de corte histórico no que, a través dos testemuños persoais dos protagonistas e da información documental que existe, se tratase a cidade de Vigo e a Galicia da época na que ocorreron os feitos e se reivindicase a súa achega fundamental á consecución das liberdades e dereitos sociais no treito final da Ditadura.

Os feitos

10 de marzo de 1972: Dous traballadores morren por disparos da policía en Ferrol. A conseguinte folga xeral nesa comarca e as manifestacións de solidariedade en Vigo fan considerar ás forzas antifranquistas que a cidade está madura para a realización dunha folga xeral. O obxectivo último desta, alén dos específicos, sería contribuír á consecución da Folga Nacional Pacífica, unha folga xeral estatal indefinida, que rematase coa ditadura.

O sábado 9 de setembro dese ano, a raíz da reivindicación da xornada de 44 horas en Citroën (*o sábado inglés*), algunhas naves da factoría paran a produción. Seis traballadores son despedidos. O paro esténdese entón

ao setenta por cento da fábrica. Ao día seguinte nunha asemblea no monte da Madroa acórdase non volver ao traballo até a readmisión dos despedidos.

O luns 11 de setembro os folguistas de Citroën saen en manifestación. O estaleiro Vulcano secunda o paro. Ao longo do martes e o mércores únense á folga a práctica totalidade dos traballadores das grandes empresas viguesas, uns quince mil en total. Chegan á cidade vehículos de brigadas especiais da Policía Armada. As cargas e as detencións succédense.

Xoves 14 de setembro. Cando os traballadores negocian na sede do Sindicato Vertical a policía entra, carga e practica varias detencións. Os traballadores cortan o tráfico na Praza de España, Teis e o Calvario. Os veciños apóiannos lanzando pedras e macetas, montan barricadas. Varios policías e traballadores resultan feridos. Hai novas detencións. O conflito dá un novo salto cualitativo: os traballadores convocan á Folga Xeral o venres 15 e o sábado 16. A folga xeral é un éxito. É secundada por uns 30.000 traballadores. A pesar da presión da clase obreira, a empresa Citroën non cede.

Luns 18. A folga continúa. Vigo é unha cidade sitiada pola policía e a Garda Civil. Supéranse as 80 detencións. A patronal dá un ultimátum: quen non se reincorpore o xoves 21 será despedido. Os traballadores responden: seguirase coa folga até a liberación dos detidos e a readmisión dos despedidos.

Xoves 21 de setembro: 4.000 traballadores son despedidos. Na dirección da folga dáse entón un forte debate: seguir coa folga ou iniciar un repregamento organizado que minimize os danos.

O mércores 23 a folga remata.

Tratamento estético e inspiración

A película artéllase principalmente a través do material de arquivo (publicacións, imaxes televisivas e fotográficas) e as gravacións realizadas exprofeso para o documental. En relación ás imaxes de arquivo non se busca exclusivamente o carácter narrativo e testemuñal das mesmas senón explotar o seu valor simbólico e evocador.

No tocante á inspiración, temos que destacar unha serie de obras documentais como referencia tanto no desenvolvemento da escrita do guión como na posta en escena e realización do documental. Destacamos a triloxía titulada *La batalla de Chile* (Patricio Guzmán, 1975-1979) e o documental *Harlan County, U.S.A.* (Barbara Kopple, 1976), que narra a folga mineira nesa vila en Kentucky. En menor medida filmes de ficción como *La batalla de Argel* (Gillo Pontecorvo, 1966), *Z* (Costa-Gavras, 1969) ou a recente *La infancia clandestina* (Benjamín Ávila, 2012), constituirán unha fonte de inspiración no tocante ao enfoque, estrutura e recursos narrativos a empregar.

Publicado en <https://www.vigo1972.com/>

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



**Abónate
e ven sempre
por**

4,5€

**Faite
NUMAX!**